

## COMUNICADO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE PALAS DE REI

En relación á posible instalación de Altri (Greenfiber S.L.) no noso concello, o grupo municipal socialista, a través da súa voceira, **COMUNICA** mediante a presente, e despois de examinar o proxecto de captación de auga e o proxecto industrial previsto, neste momento en fase de exposición pública:

### A SÚA OPOSICIÓN Á INSTALACIÓN DUNHA MACROCELULOSA NO NOSO CONCELLO

Trataremos de desenvolver con rigor e responsabilidade un documento que permita a todo aquel que o desexe consultar en maior detalle os aspectos fundamentais que nos levaron a tomar esta decisión.

Pero queremos xustificar unha decisión que ten que ver co noso compromiso, que non é outro que defender os intereses do noso territorio, defender o noso presente pero tamén o noso futuro.

Entendemos que este proxecto repercutiría negativamente no noso territorio:

-Dende o punto de vista do uso de recursos, especialmente a auga.

-Dende o punto de vista do impacto ambiental, de claro manifesto tanto no proxecto de captación de auga como no proxecto industrial.

-Dende o punto de vista socioeconómico, poñendo en risco a estabilidade e mesmo a viabilidade dos sectores tractores da nosa comarca, tales como o sector agrogandeiro e o sector servizos ligado ao Camiño de Santiago.

Entendemos ademais que este proxecto se afasta dos modelos produtivos promovidos por Europa:

-Porque non é un proxecto que encaixe nos obxectivos de descarbonización industrial, aspecto que se desprende do proxecto industrial.

-Porque non é un proxecto de economía circular. Trátase dun Proxecto Enclave. Os proxectos de enclave defínense como grandes proxectos de inversión do sector público ou privado orientados cara a produción que importan sistemas de produción ou comercialización tecnoloxicamente avanzados para a economía local, funcionan cun alto grao de autonomía e finalmente exportan os bens producidos. Polo tanto, os beneficios directos non redundan na comunidade na que se executan.